

**AS HISTORIAS** particulares, a cultura galega e a posible modernización da Igrexa son algúns dos temas de inspiración de Victorino Pérez Prieto, escritor e crego dunha parroquia de Ferrol

que veu onte a A Coruña para presentar un libro no que apunta á solidariedade como arma para loitar contra a globalización, sen esquecer a crítica ao modelo actual da Igrexa

Patricia Pérez A CORUÑA

## Victorino Pérez Prieto

*Sacerdote e escritor*

# "A Igrexa galega está máis unida ao carro do poder que aos pobres"

"Son relixioso, de esquerdas e galeguista, e iso moléstalle a moitos"



Victorino Pérez Prieto. / VICTOR ECHAVE

A oposición á globalización é o punto de partida do novo libro de Victorino Pérez Prieto, un sacerdote de Ferrol que se mostra crítico coa Igrexa á que pertence e que sente paixón pola cultura galega, á que se adica dende hai anos dende o ámbito relixioso, xornalístico e docente. Colaborador de numerosos medios de comunicación e director durante moitos anos da revista *Irimia*, escribiu oito libros nos que tratou dende a Xeración Nós ata a relación entre ecloxismo e cristianismo. Onte presentou no centro Fonseca o ensaio *Contra a síndrome NNA (Non hai Ningunha Alternativa). Unha aposta pola esperanza*, no que apunta á solidariedade como a vía de loitar contra o pensamento único.

—¿Que significa a síndrome NNA?

—É un concepto que me inventei e é como dicir isto é o que hai. Despois de todas as utopías, a síndrome de Non hai Ningunha Alternativa quere mostrar que na actualidade o que impeira é a lei da selva. O libro quere ser unha aposta pola esperanza, fronte a ese pensamento único que nos está a ofrecer a globalización. Hoxe en día, parece que calquera que pense doutra maneira está fóra da realidade. ¿Como é posible que sexa imposible cambiar o mundo? Nós podemos facer un mundo diferente, e non podemos resignarnos.

—¿Como cre que se pode chegar a cambiar o mundo actual?

—Está claro que non se pode cambiar de golpe, pero si pouco a pouco. Este mundo ten que contar con todos, facendo unha mesma rede, coa interculturalidade, escoitando aos demais. Este libro non é un ensaio dogmático, soamente unha aposta pola esperanza, a través dunha escolma de textos feitos por min para diversos medios. Son un traballador da palabra, levo vinte anos escribindo e xa non son un chaval, pero o que digo é benaventurado os que non escarmentan, porque quere dicir que non se resignan ante o que lles toca e teñen formas propias de pensar. Eu non quero formar parte dun pensamento único, quero ser eu mesmo.

—Neste libro aparecen dende o naufragio do *Prestige* ata o conflito palestino, pasando por unha dura crítica a bispos e cregos...

—O grande erro é que cando se fala de Igrexa, en xeral se vincula a todo o que din os

altos cargos, pero a Igrexa é a comunidade de crentes en Xesús. E para el os problemas máis importantes non eran nin o condón nin os homosexuais. A el importábanlle outras cousas, como a opresión dos pobres, escoitar aos

"Este mundo ten que contar con todos, coa interculturalidade e escoitando aos demais"

"A Igrexa é a comunidade de crentes en Xesús, e para el os problemas non eran o condón nin os homosexuais"

demais e cousas así. Con todo, eu vexo que a Igrexa actual non é iso. Por exemplo en Galicia, a Igrexa está máis vinculada ao carro do poder que aos pobres.

—Supoño que esta forma de pensar lle crearía moitos inimigos dentro da propia Igrexa...

—Se eu non podo medrar na organización da Igrexa é por ser como son. Pero prefiro estar preto dos demais, loitar por un ben

común. Iso vale moito máis que os cargos. Eu estou a favor de que os cregos poidan casar e que as mulleres poidan ser sacerdotes ao igual que os homes. Son relixioso, de esquerdas e galeguista, e iso moléstalle a moitos.

—Vostede está a favor da modernización da Igrexa. ¿Como cre que influirá o novo pontificado de Benedicto XVI nesta posible evolución?

—Penso que é imposible que este Papa sexa máis conservador que Xoán Paulo II. Ratzinger semella un home intelixente, capaz de ver alternativas e de facer posibles cambios. O anterior pontificado tivo moito eco nos medios, pero non cambiou demasiado as cousas. Moitos dicían que o anterior Papa enchía os estadios, pero baleiraba as igrexas. Non é que fose malo, o que ocorre é que non se adecuou ao mundo actual.

—No seu libro tamén lles adica un apartado especial ás historias de persoas anónimas. ¿Cre que a globalización é a causa de que a xente viva de forma máis individual, sen importar o que lle ocorre aos demais?

—Eu penso que a globalización é boa no senso da mellora das comunicacións, pero o malo é que só se globaliza un tipo de cultura, un tipo de música, un tipo de pensamento, curiosamente o de países como Estados Unidos. Esa é a globalización imperialista. O abismo entre ricos e pobres nunca foi tan grande como agora e non se pode admitir que unha soa persoa teña o

mesmo diñeiro que millóns de habitantes. Eu négome a aceptar isto e penso que o que hai que globalizar é a solidariedade e a fraternidade. E eu esa resposta atópoa na relixión.

—¿Cal sería a súa alternativa a ese mundo globalizado e cada vez con máis diferenzas, sobre todo culturais e económicas?

—Temos moito que aprender dos demais. Eu sempre poño o exemplo do home que vén en patera, porque sei que tamén me trae unha riqueza, que é a súa forma de pensar e a súa cultura. Os outros, os diferentes, os que veñen, debemos acollelos como irmáns, iso é posible. Os gobernos occidentais malgastan moito diñeiro e moita xente aínda di que os inmigrantes veñen a quitar os postos de traballo, cando o que ocorre é que collen o que nós non queremos. A sociedade non hai que construíla vendo rivais, senón loitando xuntos polos dereitos de todos. O mundo si pode ser doutro xeito.

## ■ José María Barja inaugura hoxe unhas xornadas sobre innovación

O reitor da Universidade de A Coruña, José María Barja, inaugurarán esta tarde ás 16.15 horas as xornadas de Innovación Empresarial, que se celebrarán no Club Financiero. Esta iniciativa, organizada pola Universidade e a Fundación Galicia Innova, ten como obxectivo dar a coñecer aos empresarios, profesionais e estudantes os principais aspectos do I+D+i, investimento básico para a competitividade.

## ■ Un seminario no centro universitario de Riazor tratará o Protocolo de Kioto

A aplicación do Protocolo de Kioto e as súas consecuencias para a industria galega serán hoxe os temas centrais do Seminario de Medio Ambiente Industrial de Galicia, que se desenvolverán a partir das 16.00 horas no centro universitario de Riazor (antiga escola de Empresariais). Este encontro, que continuará mañá pola tarde, contará coa presenza de representantes da Xunta e do Colexio de Enxeñeiros da Coruña.

## ■ A asociación veciñal do Castrillón decide os premios do concurso de contos

A asociación de veciños Castrillón-Urbanización Soto Iar acaba de dar a coñecer os gañadores da VIII Edición do Concurso de Contos Iar, organizado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. O primeiro premio, na categoría de 10 a 11 anos, recaeu no conto *Gracias a David*, de Laura Freire Guzmán, e na categoría de 12 a 15 anos o primeiro premio foi a parar a Aixa María Santeclara, polo conto *A miña irmá Aixa*. Os premios entregáranse o 18 de xuño.

## ■ A Federación de Veciños organiza mañá unha charla sobre reciclaxe

A Federación de Asociacións de Veciños celebrará mañá no centro cívico dos Mallos ás 17.00 horas unha conferencia sobre a reciclaxe dos residuos sólidos urbanos.

## ■ A Asociación Aula-K organiza un curso sobre fotografía dixital

A Asociación Aula-K organiza un curso de fotografía dixital, que se impartirá entre o 6 e o 17 de xuño, de luns a venres, na Escola de Imaxe e Son. Os interesados poden informarse no número de teléfono 981 134 124.